

INTERRELACIÓN POESÍA- ARTES

(Oviedo, marzal 2001) **Asociación de Escritores de Asturias: encontro literatura de Asturias e Galiza.**

Estíbaliz Espinosa

Por empezar dalgunha maneira diría que a poesía ten algo de costura e algo de labranza. Xa sei: artes, no sentido estricto estricto, non o son pero, xa ven, curiosamente participan nela como subxacendo, como tímida, opacamente. Hai un home imaxinario dando voltas unha vez e outra e máis outra de rego en rego, estriando a terra. O verso é ese ir e vir, ese reverso continuo do arado rabuñando sabe deus qué silencio empreñado. O home imaxinario senta a fumar un cigarro no borde do camiño elixindo un termo cos labios secos. Chanta o seu pé na terra e pode ser unha palabra. A que remata o poema.

Un segundo home imaxinario. Viaxa cunha agulla resplandecente na aba do sombreiro, atravesada. Cando chega ese momento oportuno no que a oportunidade ten o seu momento, extrae a agulla, proba a súas dotes de pinchar e cose e máis cose retallos e farrapos unidos sempre por un ritmo cósmico que algún pé descoñecido vive marcando.

O primeiro fai versos. Ó segundo chamábanlle *rapsoda* que en grego viría querendo dicir “costureiro de poemas”. Horacio, pois, era labrego. Homero, costureiro.

Esta idea do verso como froito do remendo e o pespunte non anda tan lonxe da frase de Dante, ese errar divino, cando di “A poesía está feita de palabras harmonizadas e como unidas nun mosaico”. A poesía como unidade divisible. Non como un lenzo enteiro, no que o pincel pasa da man da dama ao manto de armiño sen solución de continuidade, senón como un “collage”, un mosaico onde cada verso ou mesmo cada palabra son unha parte extraíble, un pequeno cadro en sí onde podemos atopar cadros máis pequenos e así ata a invisibilidade. A poesía como composición de fragmentos sustraíbles, engadibles, cáseque fractais ou hologramas.

Metereime, tras tanto limiar, na fariña. Vimos falar ou, máis ben no meu caso, a especular ou mesmo a me ensañar coa noción da interrelación da poesía coas artes. E coas súas probas palmarias de semellante vínculo incestuoso.

No famoso Symposium ou Banquete de Platón, era exposta a tese dos andróxinos para explicar o amor no mundo. Segundo esta, homes e mulleres formabamos parte dun só ser no principio dos principios, un ser redondo, esférico, que contiña todo o que hoxe vive separado, procurándose. Todo encaixaba á perfección, como a

Panxea orixinal. Por algún motivo, o ser foi escindido e velaí o por qué dos homes e das mulleres. Algo semellante acontece coa poesía e co resto de presuntas artes. Digo presuntas e debería ter dito provisionais, pois que a nómina de artes non sempre foi a mesma. Se queredes que amplíe o tema dádelles a intro.

INTRO (Mario Vittorino no século IV a. de C. dividía as artes en *artes animi* (inmateriais), que non eran senón a poesía, a música, a astronomía, a gramática, a retórica, a xurisprudencia e a filosofía. As outras eran as *artes corporis* (ou materiais): lanzamento, salto, velocidade e levantamento de peso.)

Algo semellante acontece coa poesía e coas artes como fíos tendidos cara a beleza e a expresión do home, fermosa ou fea. Orixinariamente non debía de estar moi clara a fronteira entre un poema e un mito, entre a matemática e o poema, entre o poema sobre a flor e a flor, entre o teu rostro e o poema, entre as cancións e o poema, entre a constelación de Orión e o poema... Na nómina de Mario Vittorino están ausentes dúas artes hoxendía difícilmente discutibles: pintura e escultura. (Tamén a arquitectura). Sabemos que os gregos eran excelentes escultores pero non apreciaban a pintura máis que como unha técnica, un oficio. A pintura como arte comeza, claro, no célebre por reiniciador de todo, Renacemento; pero o mesmo Miguel Anxo opinaba que a pintura era cousa de vagos e amanerados. Que só o volume posuía a forza necesaria para ser expresión de algo.

Cando a pintura deixa de ser imitación do real e un nariz pode parecerse a calquera outra cousa, comeza a poesía. Arcimboldo, un pintor fruteiro namorado da posibilidade de encaixar follas, froitas ou polos coma pezas de puzzle e formar o rostro da primavera, dun crego ou do outono, deixounos testemuña de que o poético é un estado alcanzable por calquera materia, mesmo a máis grotesca. O Bosco, coas súas vaxinas xeométricas e fresas carnívoras, co seu inferno musical no que o ventre dos instrumentos serve de caixa de torturas, pon en erupción unha poesía do horror. Alejandra Pizarnik colleu o título *O Inferno Musical* para unha das súas obras, como unha transposición declarada do meticuloso horror que a fascinaba.

¿Podemos falar lexitimamente de poemas visuais? Penso que hoxe, coa poesía-poesía confinada ao pó dos estantes, o recurso de supervivencia que ela mesma creou para si é amalgamarse con todo o que a rodea xa que, como acontece coa alma, o poema é transmigrador, caprichoso e resiste heroicamente á súa desaparición.

Non obstante, cunde a idea de que todo o sentimental, íntimo e coas palabras *lúa* ou *corazón* está predestinado, calvinistamente, a ser poema. É absurdo. Para refutar este erro habería que ensaiar unha sorte de definición para a poesía. Ou alomenos, aventurarse a localizala convenientemente entre os entresixos das máis variadas manifestacións artísticas.

Na música, por exemplo, vese clara esa unión andróxina e separada co tempo da que falaba. A poesía sen música para os nosos antergos sería algo máis escandaloso que o manido xardín sen flores ou o anxo sen ás. Pero hoxe, poucos lles recoñecen á música pop o seu estatuto poético: salvo Bob Dylan, Leonard Cohen e poucos máis do saco etiquetado “cantautores”, o resto fai labouras seguramente bastante máis poéticas pero sen que se recoñezan como tales. Claro que o recoñecemento poético tampouco interesa moito ás veces: é como dicir, con baba escumeante, “mira, o meu transitado corazón”. Un patetismo que se come a si mesmo.

E penso no cancionero popular, no romanceiro que rescataron Lorca ou Alberti para vindicalo como poesía dunha pureza estremecedora. Vencellados á música, penso nos vídeo-clips como poesía da imaxe, penso na publicidade coas súas metáforas máis que ortodoxas (“Redbull te da aalas”), as súas plásticas que tanto son un lenzo coma unha lenda, e poderíamos seguir...

Seguindo coa música, existe unha modalidade denominada, no apartado clásico, “poema sinfónico”, que se encorseta como composición sinfónica unida a un programa extramusical. Debussy, Ravel ou Schönberg derramaron todos os seus frascos por riba dos pentagramas para crear *La mer*, *Ma mère l’oye*... Mais xa soa típico falar da poesía na música.

Non o é tanto falar da poesía na matemática. Sobre todo porque a matemática non é contemplada, habitualmente, dende o prisma poético. Non é fácil, aínda que mesmo tampouco imposible, bebernos como un verso da *Ilíada* a proposición “ a é igual a b , igual a c ”, e sen embargo matemática e poesía poden estar máis preto do que aparentan. Incluso a física. Einstein deixounos unha semblanza dun Deus austero, planificador, dicindo que “Deus non xoga aos dados”. ¿E Mallarmé? Como colofón ao anterior, “un golpe de dados nunca abolirá o azar”. Pouco importa en qué empregue a divindade o seu lecer. O azar é.

Lewis Carroll, delicioso fotografiando rapaciñas, bifronte entre a matemática e os paseos en barca con neniñas maravilosas, escribe que “É extraño pensar que unha fogaosa partícula poida deixarse eliminar por un artigo”. ¿Alguén ten algo mellor que dicir?

“Un sólido somerxido nun fluído despraza unha cantidade de auga igual ao seu volume.” Así era Arquímedes. Bañábase coa lírica posta e un caderno de anotacións. “¿Pode o anterior aplicarse a un pequeno cubo de auga flotando no interior doutro máis grande?” Descoñezo a solución, pero atopo máis poesía aquí, neste enunciado, que en moitos libros presentados como pim pam pum fuego e que só repiten unha forma. Se houbese por aquí algún bo poeta - que algún haberá,

algún sempre hai- podería dar a resposta. A correcta.

E poderíamos seguir falando, seguir falando sen dicir nada, lembrar o lirismo astuto, estarrecedor, que existe nos soños, nos proverbios, nas cancións de saltar á comba, no cine, por suposto. A poesía, en vez de ter a forma dunha tabuleta (a forma que atopamos ao abrir un libro), é máis intelixente, máis arteira, e muda a forma e sabe ser mercenaria, e cruel, e colosal, e adaptarse. Ábrese nos ollos dunha Virxe de Giotto (pero ollo, só en unha), e na secuencia dunha batalla (“un home dixo NON e tremeu Roma”, di Espartaco ao seu amigo Antonino, profesión:poeta), palpita nunha cor, nun anaco de soga, nun baúl aberto, nunha galaxia espreguizando, nunha fórmula química, nun vaso que cae...Calquera materia, forma, apetencia de ser, pode intoxicarse de poesía, que non é nin dozura nin rima, nin bágoas nin a palabra *flor*. Ou tamén, ¿por que non? Neste sentido, a poesía sería coma a puta que vai con calquera. Pero unha puta de luxo, pola que moitos esperan subidos en altas horas na noite para que ela elixa ao enfermo, ao tributario de ninguén que non sabe nin cómo chamala, nin os nomes polos que desaparece. A mancha que se reagrupa e ten un nonseiqué que, de explicarse ou nomearse, faríaa desaparecer. ¿Entenden? Desaparecer.

Estíbaliz...Espinosa, febreiro 2001